

PLAN DE ORIENTACIÓN

CPI PLURILINGÜE OS DICES

Curso 2022-2023

ÍNDICE

1. Introducción.	3
2. Xustificación baseada no contexto.	6
2.1.- Alumnado	6
2.2.- Composición do departamento de orientación.	6
2.3.- Funcións do Departamento de Orientación.	7
3. Planificación xeral e definición de accións prioritarias.	7
4. Obxectivos xerais.	9
4.1. Ámbito de atención á diversidade.	10
4.2. Ámbito de acción titorial.	11
4.3. Ámbito da orientación académica e profesional.	12
4.4. Ámbito de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.	14
5. Estratexias de intervención.	17
6. Recursos dispoñibles.	18
7. Modalidades de ensinanza presencial, a distancia e semipresencial	--
8. Criterios de avaliación.	19

ANEXOS : Programacións de especialistas

ANEXO I: Programación de Audición e Linguaxe.

ANEXO II: Programación de Pedagogía Terapéutica Infantil e Primaria.

ANEXO III: Programación de Pedagogía Terapéutica ESO.

1. INTRODUCCIÓN

A orientación, tal e como se recolle no Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa en Galicia e na Orde do 24 de Xullo de 1998 que desenvolve dito Decreto, enténdese como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno/a e remata o finalizar as ensinanzas non universitarias.

Neste modelo non ten cabida unha orientación entendida como intervención puntual, remedial ou asistemática e como tarefa exclusiva da orientadora. A orientación debe enfocarse como unha actividade dentro do currículo escolar de forma que sexa unha tarefa compartida por todos os compoñentes da comunidade educativa.

Así mesmo, tomaremos como base das actuacións do Departamento de Orientación o Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os Centros Públicos e integrados e as correspondentes circulares anuais, que regulan e dan coherencia aos servizos de orientación.

A programación do Departamento ven fundamentada, ademais nos seguintes textos legais:

- ⌚ Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación (L.O.E.).
- ⌚ Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (L.O.M.L.O.E).
- ⌚ Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ⌚ Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ⌚ Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ⌚ Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa; o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a citada lei e as Orientacións para o deseño do Plan de Convivencia publicadas en abril de 2016.
- ⌚ Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia.
- ⌚ Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ⌚ Decreto 120/98, Orde do 24 de xuño do 1998 e Circular 10/2010, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación.
- ⌚ Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/2023.
- ⌚ Protocolos de actuacións establecidos no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O noso centro sitúase no concello de Rois, enmarcado nun contorno esencialmente rural: os nosos alumnos e alumnas viven en núcleos de poboación diseminados e con deficientes vías de comunicación coas principais vilas do contorno (Padrón, Noia, Santiago). A configuración xeográfica do concello (moitos núcleos pequenos, dispersos e mal comunicados) impide que moitos nenos e nenas poidan utilizar recursos como a Biblioteca Municipal ou a Aula de Informática do Concello como apoio para a realización das tarefas escolares.

2.1.- ALUMNADO

No centro escolarízase un total de 297 alumnos e alumnas distribuídos do seguinte xeito:

EDUCACIÓN INFANTIL:

4º curso de Educación Infantil: 15

5º curso de Educación Infantil: 12

6º curso de Educación Infantil: 24

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º A de E.P.: 17

1º B de E.P.: 14

2º de E.P.: 14

3º de E.P.: 17

4º de E.P.: 22

5º de E.P.: 18

6º de E.P.: 23

EDUCACIÓN SECUNDARIA:

1º ESO A: 17

1º ESO B: 17

2º ESO A: 18

2º ESO B: 18

3º ESO: 25

4º ESO: 26

Póñense en marcha determinadas medidas de atención á diversidade para atender as necesidades educativas do alumnado como son: os reforzos dentro da aula impartidos por profesorado con dispoñibilidade horaria na etapa

de educación primaria, as adaptacións do currículo individualizadas, o reforzo do propio profesor de área ou materia, a exención da segunda lingua estranxeira na ESO, a intervención do profesorado de PROA en Educación Primaria e na ESO, a aplicación dos protocolos establecidos ao abeiro da Estratexia Galega de Convivencia, a oferta de materias específicas en secundaria, etc.

2.2.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os membros do Departamento de Orientación para o presente curso escolar son:

M ^a Mar Sobrido Carro	Xefa do Departamento de Orientación
M ^a Isabel Seco Vicente M ^a Jesús Castro Pérez (sustituta de M ^a Luisa Dobaño Álvarez)	Mestras Especialistas en Pedagogía Terapéutica
M ^a Fe Tomil Vilar María Busto Díaz (compartida co CEIP Pumar-Urdilde)	Mestras especialistas en Audición e Linguaxe
Xaime González Calvo	Titora do ámbito lingüístico
Isabel Quintana Lourido	Titor do ámbito científico-tecnolóxico
Tamara Magariños Barcala	Titora de 1º de Primaria
M ^a Luísa Armental Vilas (sustituta de Sanmartín Malvárez)	Titora de 3º de Primaria
Pablo Tarrío Vázquez	Titor de 5º de Primaria
María del Pilar Baliñas López	Coordinadora de Educación Infantil

Así mesmo, a orientadora presta servizos no CEIP de Pumar-Urdilde, consideramos como parte do Departamento de Orientación á mestra especialistas en PT:

- o Amanda Rodríguez López.

O centro conta cun total de 106 alumnos e alumnas.

2.2 Funcionamento

A posta en marcha do plan anual de orientación levarase a cabo implicando non só ós integrantes do Departamento de Orientación, senón tamén a todo o profesorado e ás familias.

A labor de intervención vai dirixida principalmente á prevención de dificultades sen esquecer a función compensadora, incidindo principalmente no contexto escolar e social do alumnado.

Establécese unha coordinación semanal co profesorado especialista de PT e AL, os venres de 13:00 a 13:50 horas. Atenderase ao CEIP Pumar - Urdilde os luns durante 5 sesións, nas que se realizará reunión de seguimento coas especialistas de PT e AL no tempo do recreo.

As reunións do Departamento de Orientación faranse cunha frecuencia mínima trimestral, previa convocatoria pola Xefatura do Departamento a través do correo electrónico.

Por outro lado, destacamos que parte da nosa actuación desenvolverase mediante a participación en diversas estruturas do Centro:

- ✓ Comisión de Coordinación Pedagóxica: a Xefa do Departamento e as profesoras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe asistirán a todas as reunións da CCP que se convoquen, asesorando cando corresponda respecto aos temas que se traten na orde do día.
- ✓ Xuntas de avaliación: a Xefa do Departamento asistirá a todas as xuntas de avaliación. As mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe asistirá naqueles grupos nos que teñan alumnado.
- ✓ Equipo Directivo: manteremos un contacto constante co Equipo Directivo, ao que se comunicarán as actuacións que levamos a cabo,

así como a súa finalidade e desenvolvemento. Este contacto será especialmente directo coas Xefaturas de Estudos.

- ✓ Reunións de coordinación con titores/as: a Xefa do Departamento de Orientación participará en reunións cos titores/as para coordinar e establecer plans de traballo; ademais, participará asesorando nos temas que se considere oportuno e proporcionará o material necesario para as titorías.

Dende orientación tentarase, en todo momento, favorecer un clima de cooperación, diálogo e participación tanto na relación entre o alumnado como entre o profesorado. O departamento de orientación pretende ser unha entidade colaboradora en todo momento con calquera membro da comunidade educativa, así como estar dispoñible para calquera iniciativa proposta por titores/as, profesorado, familias e/ou alumnado.

O referido anteriormente non exime de que haxa situacións que requiran unha atención máis individual con docentes, alumnos e familias. Ambas perspectivas, o traballo en grupo e a atención personalizada deben complementarse.

2.3.-FUNCIONS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E DOS SEUS MEMBROS.

As funcións do departamento de orientación están recollidas na Orde de 24 de xullo de 1998, no seu artigo 5. Dando cumprimento a todas elas, sinálanse nesta programación as tres que constituirán as liñas prioritarias de traballo para o presente curso, xa que se consideran as accións máis necesarias dado o contexto educativo e sociofamiliar do noso alumnado:

- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o de ingreso no centro, o de cambio de ciclo ou de etapa,

a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as, especialmente no relativo a motivación, a construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

Funcións da xefatura do departamento e do profesorado especialista

As funcións que desenvolverá a xefatura do departamento son as recollidas na Orde de 24 de xullo de 1998, artigo 6. No artigo 7 da mesma disposición recóllense as funcións do profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

3.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

A planificación das accións do noso departamento englobarase en catro grandes eixes de actuación:

- Apoio ao proceso de Ensinanza/Aprendizaxe.
- Atención á diversidade.
- Acción titorial.
- Orientación Académica e Profesional.

Así pois, tendo en conta tamén as directrices marcadas en cursos anteriores, as accións prioritarias para este curso son as seguintes:

- ✓ Análise das medidas de atención á diversidade establecidas no Centro: reforzos educativos, apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, exención da 2ª lingua estranxeira, programas de seguimento do alumnado con materias pendentes, programa de recuperación de materias suspensas, programa de habilidades sociais e mellora da convivencia, Adaptacións Curriculares e apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- ✓ Colaborar coas titorías de Ed. Primaria e cos Departamentos Didácticos no deseño e implantación de medidas que favorezan o desenvolvemento

persoal, social e cognitivo de todo o alumnado, cun marcado carácter preventivo.

- ✓ Asesorar e ofrecer recursos ao equipo directivo e ao profesorado en xeral para mellorar a atención á diversidade.
- ✓ Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que se nos demanden por parte do profesorado, dirección e no seu caso, familias e emitir os correspondentes informes psicopedagóxicos.
- ✓ Estar en continuo proceso de revisión da atención ao alumnado con N.E.A.E.
- ✓ Revisar o Plan de atención á diversidade.
- ✓ Facilitar información sobre as saídas académicas ou laborais do alumnado que remata a escolarización obrigatoria no noso centro.
- ✓ Dinamizar as medidas que incidan na mellora da convivencia no noso centro e na promoción dos valores de respecto e tolerancia.

4.- OBXECTIVOS XERAIS:

O Plan de actuación do Departamento de Orientación dirixirase aos catro grandes ámbitos de actuación que engloba. Así, os obxectivos que nos propoñemos para este curso escolar son:

4.1.ÁMBITO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

4.1.1. Con respecto ao Centro

- Revisar e o plan de atención á diversidade, orientado a prever e detectar dificultades educativas, así como, medidas de intervención dirixidas a solucionar estes problemas: reforzos, desdobres...
- Asesorar ao profesorado e aos diferentes titores e titoras sobre a intervención psicopedagóxica e criterios de promoción do alumnado.
- Promover a cooperación entre o Centro e as familias.
- Fomentar a cooperación de toda a Comunidade Educativa nas tarefas de atención á diversidade.

4.1.2. Con respecto ao alumnado

- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Avaliación e diagnóstico psicopedagóxico.
- Seguimento do alumnado con neae, coordinación co profesorado na súa atención e, no seu caso, establecemento de medidas e revisión das xa aplicadas.
- Coordinar a elaboración de novas adaptacións curriculares para aqueles alumnos/as que o precisen e na revisión das xa elaboradas. Asesorar ao profesorado en todo o proceso.
- Elaborar programas de Reforzo Educativo para aquel alumnado que o precise.
- Participar nas sesións de avaliación e reunións do Equipo docente.

4.1.3. Con respecto ao profesorado

- Transmitirlle toda a información acerca da avaliación psicopedagóxica e de aspectos persoais, sociais ou familiares, que repercutan no proceso educativo do alumnado.
- Coordinar e asesorar, en canto á realización e elaboración de adaptacións curriculares e programas de reforzo educativo.
- Intercambiar información sobre calquera problema (educativo, persoal, social, de integración, de conduta...), que presenten os alumnos e alumnas para tratar de remedialos.
- Propoñer outras medidas de atención á diversidade, segundo a problemática existente.

4.1.4. Con respecto ás familias

- Solicitarlles a súa colaboración no intercambio de información, para solucionar os problemas dos alumnos/as.

- Demandarlles a súa colaboración para calquera das medidas a levar a cabo: adaptación, reforzo,...
- Informar sobre calquera aspecto que poida incidir na educación dos seus fillos/as.

4.1.5. Con respecto a outras institucións ou profesionais

- Cooperar cos Servizos Sociais do Concello de Rois na detección e seguimento daqueles casos que se considere necesario.
- Cooperar cos profesionais externos ao Centro (psiquiatras, logopedas, psicólogos, etc...) que atenden ao noso alumnado, aténdonos ao establecido no protocolo de protección de datos.
- Solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico, cando se considere a necesidade dunha avaliación e/ou intervención externa.

4.2. ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL.

4.2.1. Con respecto ao Centro

- Revisión do Plan de Acción Titorial.
- Aportar criterios para a organización e funcionamento das titorías.

4.2.2. Con respecto ao alumnado:

- Prestar atención individualizada ao alumnado cando se demande.
- Colaborar e participar nas actividades de titoría cando o soliciten as persoas titoras e se considere axeitado.
- Favorecer unha boa integración do alumnado no Centro e no grupo.
- Propiciar a construción dunha imaxe axeitada de sí mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver actividades de forma autónoma e equilibrada, valorando o esforzo e a superación das dificultades.
- Mellorar as habilidades sociais do noso alumnado a través da acción titorial.

4.2.3. Con respecto ao profesorado titor:

- Colaborar na organización e funcionamento das titorías.
- Coordinar o traballo a desempeñar dentro da función titorial.
- Coordinar a elaboración daqueles programas titoriais a levar a cabo.
- Facilitarlles todo o material necesario para o funcionamento das titorías.
- En Educación Infantil e Primaria, asesorar sobre actividades para a inclusión dos temas transversais nas distintas áreas curriculares.

4.2.4. Con respecto ás familias

- Cooperar na relación titores/familia para a solución de problemas que afecten aos seus fillos/as.
- Manter contacto de xeito especialmente continuado coas familias do alumnado con NEAE, como medio de transmisión da información (médica, etc...) e incremento do benestar do alumnado e das propias familias.

4.3. ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

4.3.1. Con respecto ao Centro

- Coordinación das actividades que teñan que ver coa orientación académica e profesional: conferencias, saídas, sesións informativas...

4.3.2. Con respecto ao alumnado

- Facilitar o tránsito da Educación Primaria á Secundaria, con asesoramento e orientación.
- Proporcionar ao longo de todo o curso unha orientación académica, profesional e laboral, individualizada e diversificada.
- Axudar ao alumnado no autoconecemento das súas propias capacidades, motivacións e intereses: Programa de Toma de Decisións.
- Proporcionar a información apropiada de cara ás saídas educativas e laborais, ás que se pode optar tras os estudos que están realizando.

- Informar sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral , o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.

4.3.3. Con respecto ao profesorado

- Informar sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.
- Manter unha cooperación estreita e informar de saídas educativas e profesionais, especialmente ao profesorado titor e con especial atención aos últimos cursos da ESO.

4.3.4. Con respecto ás familias:

- Colaborar coas familias para que asuman responsablemente a educación dos seus fillos.
- Atención individualizada aos que o soliciten.

4.3.5. Con respecto a outras Institucións:

- Solicitar a colaboración doutros profesionais e institucións, coa fin de facilitar aos alumnos contactos e experiencias directas que lle faciliten a toma de decisións.
- Programar saídas do alumnado a institucións relacionadas co seu futuro académico e profesional: visita ao IES Macías o Namorado e ao IES Camilo José Cela e á mostra do ensino FP Innova.

O asesoramento vocacional do alumnado de 4º da ESO levarase a cabo nos meses de xaneiro-febreiro, por ter que facer a preinscrición no BAC no mes de marzo. Nos restantes casos, que poidan afectar á elección de optativas, cambio de etapa ou orientación con respecto a outros estudos (probos de acceso a CFGM, posibles derivacións á FP Básica...) farase no 3º trimestre.

4.4. ÁMBITO DE APOIO Ó PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE.

4. 4.1. Con respecto ao Centro:

- Coordinar aquelas propostas encamiñadas a tratar de mellorar o proceso de aprendizaxe do noso alumnado.

4.4.2. Con respecto ao alumnado:

- Coñecer as características persoais de cada alumno/a mediante a análise do seu expediente académico, informes anteriores, entrevistas individuais, avaliación inicial, etc.
- Coñecer e contribuír ao desenvolvemento das capacidades (aptitudes, habilidades e destrezas) de cada alumno/a.
- Axudalos no desenvolvemento de habilidades e estratexias de estudo.
- Axudalos no desenvolvemento de habilidades cognitivas: autonomía, integración, autoaprendizaxe e traballo intelectual.

4.3. Con respecto ao Profesorado

- Proporcionar toda a información sobre aquel alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe a partir de datos da avaliación inicial, e das correspondentes sesións de avaliación.
- Promover a elaboración de criterios para unificar actitudes, metodoloxías, niveis de esixencia, etc, con respecto aos distintos grupos de alumnos.

4.4. Con respecto á familia:

- Incidir na importancia da comunicación familia-titor/a-profesorado, tratando preferentemente o rendemento escolar e propoñendo, na medida do

posible, tarefas de colaboración para facilitar a aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

Tendo en conta os nosos obxectivos para o presente curso, considéranse prioritarias as seguintes accións:

ACCIÓNS	TEMPORALIZACIÓN
▪ Constitución do Departamento de Orientación.	Outubro
▪ Elaboración da Programación do Departamento	Outubro
▪ Intervir a través da avaliación psicopedagóxica co alumnado do Centro	Todo o curso
▪ Revisión das diferentes medidas de atención á diversidade levadas a cabo cursos pasados.	Setembro-Outubro
▪ Establecemento de novas medidas de atención á diversidade.	Todo o curso
▪ Elaboración de Adaptacións Curriculares ou outras medidas de atención á diversidade.	Outubro-Novembro
▪ Atención individualizada ao alumnado.	Todo o curso
▪ Coordinar os Reforzos Educativos.	Todo o curso
▪ Orientacións ao alumnado.	Todo o curso
▪ Asesoramento ao profesorado sobre aspectos psicopedagóxicos.	Todo o curso
▪ Orientación ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas.	Todo o curso
▪ Coordinación titorial.	Todo o curso
▪ Orientación profesional, vocacional e laboral, especialmente nos dous últimos cursos da ESO.	2º e 3º trimestres

➤ 5.- ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN.

Consideramos que é imprescindible para levar a cabo o Plan de Orientación, unha intervención fundamentada e baseada nos aspectos que a continuación se relacionan:

- A colaboración psicopedagóxica debe concebirse fundamentalmente dentro do ámbito da Prevención, sen que elo supoña renunciar ás situacións puntuais de tipo asistencial (atención a suxeitos con dificultades de aprendizaxe, asesoramento ao profesorado ante situacións problemáticas concretas...).
- Debemos, así mesmo, garantir unha orientación académica, psicopedagóxica e profesional do alumnado, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, e á transición do sistema educativo ao mundo laboral, prestando singular atención á superación de hábitos sociais e discriminatorios que condicionan o acceso aos diferentes estudos e profesións. Seguindo co mesmo criterio trataríase de integrar os contidos vocacionais no currículo escolar, é dicir, unha labor orientada a informar e proporcionar unha formación polivalente, que habilite aos alumnos/as para acceder ao maior número posible de ofertas nos ámbitos educativo e laboral.
- É indispensable, para a actuación do Departamento de Orientación, unha coordinación estreita co equipo docente.
- Intercambio de experiencias entre o propio centro e os da contorna, para potenciar na medida do posible a unificación de criterios.

Todo isto, non sería posible sen que o programa de intervención estivera adaptado aos contextos familiar e escolar, consensuado co equipo docente, levado a cabo nun ambiente de corresponsabilidade e que en todo momento responda ós principios de: continuidade, integración, universalidade, autonomía e igualdade.

6.- RECURSOS DISPONIBLES.

1. Persoais:

- ✓ Profesorado titor de grupo.
- ✓ Todo o profesorado que imparte docencia.
- ✓ Profesorado de apoio: dúas profesoras especialistas en pedagogía terapéutica (infantil, primaria e secundaria) e unha e media de audición e linguaxe.
- ✓ Xefes/as de Departamento.
- ✓ Equipo Directivo.
- ✓ E.O.E.
- ✓ Educadora Familiar do Concello.
- ✓ O CIM.
- ✓ Outros profesionais: logopedas, fisioterapeutas, psicólogos...

2. Materiais:

- ✓ Todo o material dispoñible de avaliación psicopedagóxica, test, libros de consulta, libros de reeducación, material web...
- ✓ Aulas de apoio e de audición e linguaxe co respectivo material.
- ✓ Biblioteca.
- ✓ Aula de Informática.
- ✓ Departamentos Didácticos.
- ✓ Secretaría.
- ✓ Sala de Profesores.

8.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será principalmente interna, levada a cabo polos propios membros do Departamento. Terá un carácter continuo coa finalidade de introducir as oportunas modificacións nas nosas actuacións.

▪ Procedencia de datos:

Para a avaliación do Plan basearémonos nos datos subministrados por:

- As persoas implicadas no seu deseño e desenvolvemento: membros do Departamento, profesorado titor e resto do profesorado.
- Os destinatarios: alumnado, profesorado e familias.

- Instrumentos para a recollida de datos:
 - Test psicopedagóxicos.
 - Cuestionarios.
 - Entrevistas.
 - Intercambios orais.
 - Informes individualizados.

- Indicadores:
 - Adecuación do Plan ás necesidades reais dos destinatarios.
 - O nivel de acordos suxeridos e o grao de consenso acadado.
 - Número e nivel de acollida das actividades planificadas polo Departamento.
 - Nivel de colaboración rexistrada en familias, profesorado e alumnado.
 - Adecuación das actividades ás necesidades dos grupos e o grao de desenvolvemento das mesmas.
 - Valoración das dificultades que atopen nos programas elaborados e nas secuencias establecidas para adaptalas ás necesidades.
 - O grao de coordinación acadado co profesorado tanto no desenvolvemento dos programas como na avaliación do alumnado.

O Plan Anual do Departamento avaliarase, e así quedará plasmado, na Memoria anual do mesmo, onde se reflexarán os logros e dificultades atopadas.

Xefa do Departamento de Orientación.

Asdo: M^a Mar Sobrido Carro



2022-2023

PLAN DE APOIO A.L.

CPI DOS DICES-ROIS



M^a FE TOIMI VILAR
MARÍA BUSTO DÍAZ

- 1-Introdución.
- 2-Contextualización do plan de apoio.
- 3- Actuacións das mestras de AL.
- 4- Obxectivos xerais
- 5- Contidos e actividades.
- 6- Metodoloxía.
- 7- Avaliación
- 8- Recursos materiais, persoais e organizativos.
- 9- Temporalización.

1.- INTRODUCCIÓN.

Na actualidade e seguindo o D. 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na nosa comunidade establece que a diversidade é unha realidade da nosa sociedade e demanda da educación unha resposta axeitada ás necesidades particulares de cada individuo.

Para dar resposta a estas demandas apareceron diferentes textos lexislativos, como a O.8 de setembro do 2021 polo que se desenvolve o decreto anterior; o D. 120/1998, do 23 abril, que regula a Orientación educativa...Na actualidade a nova L.O 3/2020, do 3 maio, fala de diversidade coma todo un valor e enriquecemento para o conxunto da sociedade.

O presente Plan de apoio o podemos definir como *o conxunto de actuacións educativas encamiñadas a posibilitar o desenvolvemento integral dos alumnos/as que presentan algunha necesidade específica de apoio educativo.*

O obxectivo final será acadar unha integración persoal, escolar e social para os nosos alumnos/as e o desenvolvemento das competencias básicas.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DE APOIO.

Este Plan de Apoio levarase a cabo no Centro Público Integrado (CPI) Dos Dices situado no concello de Rois. A súa localización é interior, enmarcado nun contorno rural, nun concello situado ao sur da provincia de A Coruña..

No ámbito lingüístico, cómpre destacar que a lingua utilizada polo alumnado e polas súas familias, é case exclusivamente o galego.

Os recursos económicos das familias da zona proceden, en xeral, de traballos derivados do campo (agricultura e gandería), ou ben do traballo nunha das poucas industrias da zona (ligada ao sector da construción).

Neste CPI impártense as ensinanzas de 2º ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Constituindo un total de 16 unidades (3 unidades de Educación Infantil, 7 unidades de Educación Primaria e 6 unidades de Educación Secundaria Obrigatoria)

O centro presenta xornada única de 9:00 a 14:00 de luns a venres e de 9:00 a 14:40 na ESO tendo clase a tarde do luns de 16:40 a 18:20 horas. O centro conta con servizo de comedor e transporte escolar.

Como en toda comunidade educativa contamos cunha serie de documentos e proxectos: Proxecto Educativo (PE), que outorga identidade e vida propia ao centro e engloba a tódolos demais. o Plan de Acción Titorial, que recolle o Plan de Acollida e O Plan Xeral de Atención á Diversidade no que se concreta todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado, o Plan de Orientación Académica e Profesional, que recolle tódalas medidas de atención á diversidade; e outros documentos de máis recente creación como o Proxecto Lingüístico, onde aparece reflexado aspectos relativos á lingua vehicular do centro, medidas de apoio para o uso correcto do galego...; o Plan de Convivencia, que inclúe as medidas para promover a mellora da convivencia no centro, a través de dinámicas de convivencia e actividades de resolución pacífica de conflitos; o Proxecto Lector, que ten como propósitos o fomento da lectura e o traballo de estratexias de comprensión lectora e o Plan de Introducción das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), que reúne as accións no uso das TIC no proceso educativo, como a páxina web do centro, o programa informático para xestionar a biblioteca, o xornal escolar dixital, a utilización da PDI e de programas informáticos para a elaboración de actividades interactivas. Ademais cada ano realizamos unha Programación Xeral Anual (PXA) e unha Memoria Final de curso, que procuran unha resposta á diversidade do alumnado.

3.- ACTUACIÓNS DA MESTRAS DE AL.

Durante o curso 2022-23, a aula de Audición e Linguaxe estará atendida polas mestras especialistas, M^a Fe Toimil Vilar, que estará a tempo completo no centro escolar e María Busto Díaz compartida co CEIP Pumar- Urdilde (luns e mércores)

As especialistas estarán en coordinación cos demais membros do centro: titores, especialistas de inglés, educación física, música e relixión, coa Orientadora, coa P.T. cos que conta o centro e coa coidadora.

Ademais, coordinaranse cos servizos externos ao centro, como son: atención temperán, logopedas privados ao servizo das familias, etc.

As funcións que debe levar a cabo o especialista de A.L. son as seguintes:

(Funcións reguladas na O.8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o D. 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C.A. de Galicia):

- ✓ Colaborar coa xefatura do D.O. na proposta de organización da docencia de apoio.
- ✓ Prestar atención docente directa ao alumnado co N.E.E.
- ✓ Colaborar na elaboración de ACIs, así como no seguimento e na avaliación delas.
- ✓ Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz pero sen voto.
- ✓ Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atendemos en colaboración co profesorado da área ou materia e segundo a orientación e o asesoramento da xefa do D.O.
- ✓ Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- ✓ Elaborar ao finalizar o curso escola, un informe individual de cada alumna ao que se prestara apoio, coordinado pola xefa do D.O.(Anexo V)

No presente curso escolar os apoios das especialistas de A.L. centraranse prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala tal e como se establece na O. 8 de setembro do 2021.

Para a organización da aula de Audición e Linguaxe terase en conta o Decreto 229/2011 que regula a atención a diversidade e a O. 8 de setembro do 2021 que o desenvolve.

Ademais, as medidas organizativas que se determinen deberán ser coherentes co PEC e o PCC, desenvolverse dentro do marco de atención global do centro e dar resposta ás necesidades educativas dos alumnos.

Os **criterios de priorización**na selección de alumnado son os seguintes:

- 1 Necesidades educativas asociadas á linguaxe oral fronte ás escritas; neste caso daranse orientacións aos titores que o soliciten.

- 2 Necesidades educativas especiais permanentes sobre as temporais.
- 3 Grao de dificultade que presenta o alumno ou alumna en cuestión, priorizando naqueles que se considere que teñen unha dificultade maior.

Os **ámbitos de intervención** serán os seguintes:

- **Intervención familiar:**

Esta intervención estará orientada a modificar as condutas verbais e non verbais que interfiren no desenvolvemento normal da linguaxe dos alumnos. Consta de:

- Información e formación aos pais.
- Modificación das condutas non lingüísticas.
- Modificación das condutas lingüísticas, a través de orientación.

- **Intervención escolar:**

- *Con relación a titoría.*
- Funcións de asesoramento ao profesorado: signos de alarma, protocolo de demanda de avaliación, coñecemento sobre determinados déficits relacionados coa linguaxe e a comunicación, medidas de reforzo e adaptación, estratexias de intervención.
- Funcións a desempeñar co alumno/a dentro do grupo clase: evitar a marxinación do neno propiciando a súa integración, desenvolver o seu autoconceito, reforzando as condutas positivas que realice. Motivar ao neno para que participe en todas as actividades, estimular a conduta lingüística e reforzar a expresión verbal.
- *Con relación ao proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumno implica:*
- Exploración inicial do alumno para coñecer as súas carencias e competencias lingüísticas. Das conclusións observadas informarase ao seu titor.
- Elaboración dun plan de intervención individual para cada un dos alumnos, onde se recollerán obxectivos, contidos, estratexias, actividades... para

este neno.

- Desenvolver as sesións de traballo cos alumnos, dentro das que se inclúe a intervención logopédica.

4.- OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais en relación á nosa actuación no centro e co alumnado serán os seguintes:

- Normalizar a fala, a linguaxe e a comunicación de todos os alumnos e alumnas que presentan deficiencias nalgúns de estes ámbitos de relación entre as persoas.
- Modificar ou cambiar as condutas comunicativo-lingüísticas alteradas.
- Estimular o desenvolvemento lingüístico e da comunicación.
- Facilitar e potenciar o uso doutro tipo de linguaxe alternativa ou aumentativa como medio de comunicación aos alumnos que así o requiran.
- Realizar un axuste continuo da intervención en función da evolución e necesidades que vaian xurdindo durante o tratamento.
- Traballar os prerequisites básicos.
- Desenvolver e mellorar as dimensións da linguaxe (fonética, fonolóxica, morfosintáctica, léxico-semántica e pragmática).
- Desenvolver, mellorar e afianzar os aspectos básicos relacionados coa lectoescritura.
- Desenvolver o gusto pola comunicación e o diálogo como vehículo de transmisión de sentimentos, experiencias e vivencias.
- Desenvolver a área socioafectiva.

Ademais disto, para cada alumna e alumno propóranse uns obxectivos concretos adaptados ás súas necesidades específicas de apoio educativo. Estes obxectivos recóllense nos respectivos programas de intervención individuais, elaborados para cada un dos alumnos que tratamos.

5.- CONTIDOS E ACTIVIDADES

A elección de contidos e o deseño de actividades para cada alumno e alumna dependerá das NEAE que presente, adaptándose as mesmas e respectando o principio de individualidade.

De forma xeral na aula de AL, como paso previo, centrarémonos en potenciar o desenvolvemento dos repertorios básicos de entrada: atención, imitación, seguimento de ordes verbais, memoria, coordinación motora, organización do esquema corporal, desenvolvemento de estruturas espacio-temporais.

Ademais son contidos a traballar dentro da aula de AL a lectoescritura, tanto a nivel comprensivo como expresivo, e os catro compoñentes da linguaxe:

Fonolóxico:

- Bases anatómico-funcionais.
- Percepción e discriminación auditiva.
- Articulación a través de imitacións, afianzamento, xeneralización e integración na fala por medio da linguaxe repetida e inducida.
- Conciencia fonética (recoñecemento do son dentro dunha palabra).
- Memoria auditiva secuencial.

Semántico:

- Aumentar o vocabulario para chegar a un desenvolvemento do léxico axeitado.
- Nomear obxectos e as súas características.
- Establecer semellanzas e diferenzas.
- Formación de familias de palabras.
- Establecer asociacións e clasificacións de palabras atendendo a un criterio.

- Buscar sinónimos e antónimos.
- Definicións de palabras.
- Razoamento verbal.

Compoñente morfosintáctico:

- Uso de palabras función dentro da oración.
- Utilización do xénero e do número.
- Concordancia dentro da frase.
- Repetición de frases.
- Expresar accións vividas no pasado, presente e futuro.
- Expansións verbais, a través do tren de palabras.

Compoñente pragmático:

- Diálogos sobre feitos ou experiencias.
- Descrición de láminas.
- Memorizar poesías, adiviñas, cancións...
- Dramatización de contos ou situacións da vida real, nas que o neno poida asumir diferentes roles e verbalizar sentimentos, emocións...
- Aprender a seguir o ritmo do discurso e a interactuar verbalmente

6.- METODOLOXÍA

Respondendo á pregunta de como ensinar, a metodoloxía da aula de A.L será integradora, motivante, activa, significativa, flexible e individual.

- Integradora. O traballo deberá facerse con referencia a situacións sociais, dentro dos grupos nos que o alumno ou a alumna, a pesares das súas dificultades, poida participar. As sesións de linguaxe deberán estar sempre coordinadas con plantexamentos curriculares que se desenvolvan na aula, procuraremos que as sesións sexan funcionais, que teñan utilidade en situacións da vida diaria.

- Motivante. Dado que as actividades propostas aos alumnos/as deberán ser atraentes, estimuladoras e non converterse en exercicios aburridos e fóra dos seus intereses. É preciso coñecer os intereses individuais de cada alumno.

- Activa. O alumno/a é o protagonista, o que aprende facendo, practicando, traballando, experimentando fracasos e éxitos; o mestre será o mediador de axudas neste proceso. Unha metodoloxía pasiva crea suxeitos cómodos e que non se plantexan aspiracións nin a superación das dificultades.

- Significativa, ou o que é o mesmo, funcional; cunha aplicación práctica que lle serve para establecer os lazos sociais (satisfacer desexos, necesidades, demandas...)

- Flexible, pois dado que o proceso da avaliación é continuo, en moitas ocasións cambiaremos aspectos da nosa metodoloxía, no intento de conseguir resultados máis satisfactorios.

- Individual, adaptándonos as necesidade persoais de cada alumno.

Ademais destes seis requisitos, dentro da metodoloxía a seguir debemos procurar reforzar positivamente os logros e aproximacións dos alumnos, así como crear un ambiente de confianza e benestar para o neno durante as sesións.

Promoverase unha metodoloxía apoiada nos **Decretos do currículo**, destacando os seguintes aspectos:

- Promover unha concepción construtivista, partindo dos coñecementos previos do alumnado para favorecer unha aprendizaxe significativa.
- Potenciar os principios de normalización, inclusión, individualización e globalización.
- Priorizar contidos, como destrezas e actitudes a través da experiencia.
- Priorizar as competencias básicas.
- Adecuar a linguaxe ao nivel de comprensión do alumnado.
- Diseñar actividades con diferentes graos de complexidade e con solucións alternativas, potenciando a xeneralización dos aprendizaxes.
- Priorizar técnicas e estratexias variadas (ensinanza accidental, modelado, traballo cooperativo, aprendizaxe por descubrimento, traballo en equipo...).

- Empregar materiais variados e innovadores para motivar ao alumnado.
- Formular procedementos de avaliación diversificados, adaptados aos diferentes niveis.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

A finalidade é desenvolver unha **metodoloxía integradora**, polo que tal e como aparece reflectido na **Orde do 8 setembro do 2021(Art.57.4)** “a atención directa por parte do profesorado de AL realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado de apoio. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais..

7.- AVALIACIÓN.

O proceso de avaliación concrétase en dous ámbitos: por unha parte a avaliación da programación xeral de Audición e Linguaxe e por outra a avaliación individual de cada alumno. Distinguiremos:

- *Avaliación inicial:* Terá como finalidade coñecer o nivel de adquisición da fala e da linguaxe dos alumnos. En base a ela decidirse a mellor proposta de atención (número e tipo de sesións de traballo) e a elaboración dun plan de intervención individual da linguaxe.

- Avaliación formativa e continua das medidas de atención aos alumnos. Será o instrumento necesario que nos informará puntualmente dos progresos e fracasos. É unha avaliación trimestral.
- Avaliación final da programación xeral de AL co fin de recoller na memoria final os aspectos positivos e negativos, para mellorar no seguinte curso.
- Avaliación final do plan de intervención do alumno, onde nun informe final, recolleranse os obxectivos acadados polo alumno, así como as conclusións e a análise do apoio que recibiu o neno. Este informe final, permitirá establecer o punto de partida no vindeiro curso.

Este proceso de avaliación levarémolo a cabo mediante:

- Unha observación diaria do alumno, tanto nas sesións de linguaxe como en outros espazos do centro.
- Unha análise sistemática, utilizando probas e exercicios planificados. Para esta podemos empregar probas estandarizadas, entendendo que poderán adaptarse ás necesidades e á situación que presenta o alumno.

8.- RECURSOS: MATERIAIS, PERSOAIS E ORGANIZATIVOS.

Para alcanzar os obxectivos neste Plan de Apoio, así como para que os resultados acadados os recursos cos que contamos serán:

RECURSOS MATERIAIS:

En canto aos recursos materiais seguiranse uns criterios xerais para a súa selección, como son, a elección apoiada nos principios de normalización e inclusión, a priorización dos recursos ordinarios e adaptación dos mesmos e a elección dos máis axeitados para cada actividade.

No centro dispoñemos dos seguintes recursos materiais:

- 2 Aulas de PT e unha de AL: Contamos cun ordenador con rato (podendo substituírse por un pulsador), material específico (programas informáticos) e adaptado (fichas, láminas, lotos, xogos...).
- 2 Aulas de informática do alumnado con 20 equipos operativos e 1 aula de informática do profesorado con 3 equipos e unha impresora .

- 2 Aulas de audiovisuais con pantalla e proxector, DVD, reprodutor de vídeo, sistema de son e unha PDI (encerado dixital interactivo).
- Biblioteca escolar.
- 1 Aula de música, aula de plástica, laboratorio e taller de tecnoloxía con recursos específicos para traballar destrezas en relación ao currículo.

RECURSOS PERSOAIS:

- Recursos persoais internos ao centro: profesores/ as, director, 2 xefes de estudio, secretario, auxiliar administrativo, orientadora, 2 profesoras especialistas en pedagogía terapéutica, 1 mestra especialista en AL a tempo completo e outra a tempo parcial compartida co centro de Urdilde ,1 conserxe, 1 coidadora
- Recursos persoais externos ao centro: Equipo de Orientación Específico (EOE), Equipo de Atención Temperá, Centro Específico de Educación Especial (CEE), Centro de Formación e Recursos (CFR), empresas da zona, servizos sociais do concello, asociacións (ASPACE, AMIPA, ANPA e outras asociacións culturais e deportivas).

RECURSOS ORGANIZATIVOS: Co fin de proporcionar a resposta educativa máis axeitada posible, ademais do vínculo permanente co CFR e co EOE, dende o centro colaborase activamente con asociacións vinculadas coas patoloxías do alumnado que atendemos coma COGAMI, BATA...

9.- TEMPORALIZACIÓN

A temporalización deste Plan de Apoio terá unha duración dun curso escolar. Entenderase como un elemento flexible que deberá adaptarse as necesidades e intereses de cada alumno. Cada sesión de intervención individual ou grupal será de 25 a 50 minutos, determinando o número de sesións atendendo as necesidades de cada alumno ou alumna.

Despois da avaliación inicial e tendo en conta os criterios de priorización establecidos, os horarios de AL serán:

FE

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
G. ENTRADA	G. ENTRADA			
CASO 1	CASO 1	CASO 1	CASO 1	CASO 1
CASO 4	CASO 2	CASO 3	CASO 3	CASO 4
CASO 2	CASO 4	CASO 4	CASO 2	CASO 2
G. RECREO		G. RECREO		
CASO 3	CASO 5	GARDA	CASO 5	CASO 3
CASO 5	CASO 3	CASO 2	CASO 4	D.O.

MARÍA

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
				G. ENTRADA
CASO 1	CASO 7	CASO 1	CASO 12	CASO 7
CASO 2	CASO 8 CASO 9	CASO 3	CASO 7	CASO 14
CASO 3	GARDA	CASO 5 CASO 6	CASO 14	CASO 10 CASO 11
				G. RECREO
		GARDA H.L.		
CASO 4	CASO 10 CASO 11	CASO 3	ITINERANCIA	CASO 13 CASO 8
CASO 5 CASO 6	CASO 12 CASO 13	CASO 2 CASO 4	ITINERANCIA	D.O

Estes horarios poderán sufrir modificacións ao longo do curso en función das necesidades que vaian xurdindo ou das posibles altas no servizo.

**2022-
2023**

Plan de apoio PT primaria



Isabel Seco

CPPI dos DICES

2022-2023

PLAN DE APOIO

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- CONTEXTUALIZACIÓN
- 3.- RECURSOS PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA
- 4.-IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES E PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓN
- 5.- ACNEAE
- 6.- PLANIFICACIÓN XERAL
- 7.-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E COMPETENCIAS BÁSICAS
- 8.- TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS

1.- INTRODUCCIÓN

A **diversidade** é unha realidade da nosa sociedade e demanda da educación unha resposta axeitada ás necesidades particulares de cada individuo. Todo **proceso educativo** implica aprendizaxe, pero cada persoa constrúe novas aprendizaxes segundo as súas características persoais (coñecementos previos, experiencias, capacidade...) e a influencia que exercen sobre ela factores de tipo social (contorno socio-familiar, relacións, cultura...). Isto significa, polo tanto, que o proceso educativo é algo profundamente ligado á **diversidade dos seres humanos**.

Consecuentemente, na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación(LOE)** establécese claramente como un dos seus principios pedagóxicos a **atención á diversidade do alumnado**, baseándose nos principios fundamentais de **normalización** e **inclusión** educativa e posteriormente na **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa** fala da autonomía dos centros para organizar unha atención á diversidade dos alumnos e alumnas adaptada ás necesidades do propio centro asemade propón posibilidades de cooperación entre os centros e de creación de redes de apoio e aprendizaxe compartida.

Ademais a **LOE** introduce un novo concepto (**Tít.II Cap.I**), o de **alumnado con necesidade específica de apoio educativo**, que engloba ao alumnado con **necesidades educativas especiais (NEE)**, ao alumnado con **altas capacidades intelectuais** e ao alumnado de **integración tardía no sistema educativo español**.

O **currículo que establece** a actual LOMCE **DECRETO 105/2014, de 4 de setembro**, e un currículo aberto e flexible co fin de permitir a súa adecuación ao sistema socioeconómico e cultural de cada centro escolar e responder, así mesmo, á diversidade de capacidades e intereses do alumnado, implicando activamente a todo o profesorado no seu desenvolvemento e concreción, e facendo enorme fincapé na **autonomía pedagóxica dos centros educativos (Art.120)** para elaborar, aprobar e executar un Proxecto Educativo e un Proxecto de Xestión, así como as normas de organización e funcionamento do mesmo.

Pero son moitas as ocasións en que se deben tomar decisións a nivel individual, e neste sentido a **LOE (Art.72)** establece que as Administracións educativas disporán do profesorado das especialidades correspondentes e profesionais cualificados, así como dos medios materiais precisos para a adecuada atención ao alumnado. Cobrando, polo tanto, especial relevancia a **figura do profesor de apoio** como membro do **Departamento de Orientación** do centro educativo.

A **actividade orientadora**, como parte da **actividade educativa**, debe ser planificada a través do **Plan de Orientación** que recolle as **medidas de atención á diversidade**, nas que nos situaremos para a elaboración do **PLAN DE APOIO**. Pero... **¿que se entende por Plan de Apoio?** Podemos definilo como **o conxunto de actuacións educativas**

encamiñadas a posibilitar o desenvolvemento integral dos alumnos/ as que presentan algunha necesidade específica de apoio educativo.

Por último nomear a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O **obxectivo final** será acadar unha integración persoal, escolar e social para os nosos alumnos/ as e o desenvolvemento das competencias básicas.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN

Marco Legal: Para a ordenación e/ou regulación do sistema educativo existe unha ampla produción normativa e a maior parte dela afecta, en maior ou menor medida, ao ACNEAE. No contexto da atención á diversidade do CPPI DOS DICES achégase a seguinte ligazón onde se desenvolve a lexislación vixente

<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/172>

Asemade a normativa específica referente a cada aspecto ou casuística está recollida nos protocolos. Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O CPI dos Dices atópase no lugar dos Dices, Concello de Rois, e está enmarcado nun contorno esencialmente rural: os nosos alumnos e alumnas viven en núcleos de poboación moi pequenos, dispersos ao longo do Concello e con deficientes vías de comunicación coas principais vilas do contorno (Padrón, Noia, Santiago). Esta circunstancia condiciona o feito de que en moitos casos, as únicas manifestacións culturais ás que teñen acceso os alumnos e alumnas son aquelas que se organizan ou promoven dende o propio centro escolar. A configuración xeográfica do concello (moitos núcleos pequenos, dispersos e mal comunicados) impide que moitos nenos e nenas poidan utilizar acotío recursos como a Biblioteca Municipal ou a Aula de Informática do Concello como apoio para a realización das tarefas escolares.

De todo isto dedúcese que o centro en si debe ser compensador das desigualdades promovendo actividades que completen a falta de recursos como saídas didácticas, poñer as novas tecnoloxías ao servizo da comunidade educativa, fomentar o uso das instalacións deportivas do centro e promover actividades complementarias e extraescolares que resolvan as deficiencias que se derivan desta situación desfavorable.

Cando falamos de compensación de desigualdades, non podemos esquecernos da atención á diversidade. Nun C.P.I. onde conviven tres etapas educativas: a educación infantil e as dúas da educación obrigatoria (E.P. e E.S.O.) a atención ao ANEAE debe ser prioritaria, eficaz continua, compensadora e cunha detección precoz para poñer ao servizo da comunidade educativa todos os recursos precisos e necesarios.

No centro contamos cos seguintes programas; CENTRO PLURILINGUE, PLAMBE, E-DIXGAL, PROGRAMAS CONTRATO e PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO NOVO. Asemade o Departamento de Orientación ten adscrito un o CEIP de Pumar situado no mesmo concello.

3.- RECURSOS PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA

Actualmente, no curso 2020-2021, contamos con:

Recursos Humanos	Recursos Espaciais	Recursos Materiais
Dúas mestras de PT	Dúas aulas de PT	Mesas e cadeiras adaptadas
Unha Orientadora	Unha aula de AL	Ordenadores
Unha mestra de AL máis unha compartida co CEIP DE PUMAR	D. Orientación	Pulsador
UN coidador	Sala de audiovisuais.	Teclado adaptado
Educadora Familiar Concello	Biblioteca Escolar	SAAAC
	Aulas de informática	

O estudo e análise do contexto concretarase no seguinte Plan:

4.-IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES E PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Necesidades referentes ao entorno comunitario	Actuacións referentes ao entorno comunitario
<ul style="list-style-type: none"> Necesidade de manter unha estreita colaboración cos Servizos sociais do Concello, no referente ao ACNEAE por historia escolar Necesidade de difusión da organización e funcionamento dos distintos servizos para buscar puntos de unión e incrementar a operatividade . Necesidade de intercambio de información e cooperación en relación dos alumnos/as que precisan, dadas as súas necesidades, unha intervención interinstitucional. Necesidade de coordinar co entorno comunitario unhas actuacións comúns para a contención da pandemia. Necesidade de establecer un protocolo de actuación en colaboración con AA SS do concello para aplicar no caso de confinamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Promover unha coordinación entre o DO e AASS do Concello. Publicitar e difundir as accións, plans e programas a desenvolver no centro educativo. Colaborar coa administración en todo o referente ao proceso educativo (especialistas do EOE, asesores, inspección educativa,...) Coordinar o traballo dos Servizos sociais no referente ao ámbito educativo e ao ámbito persoal e familiar, principalmente cos alumnos en situación de risco. Manter colaboración co Concello e coa biblioteca municipal no que atinxe a actividades culturais e educativas. Difundir entre a comunidade educativa os protocolos elaborados para manter a seguridade do alumnado e as familias
Necesidades referentes ao centro	Actuacións do centro educativo
<ul style="list-style-type: none"> Necesidade de establecer una coordinación entre as distintas etapas educativas. Necesidade de ofertar unha ampla e variada listaxe de actividades 	<ul style="list-style-type: none"> Promover unha coordinación horizontal vertical para realizar un seguimento real e continuo do ACNEAE.

<p>complementarias que se axusten as carencias e completen o seu programa académico.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Necesidade de contar cunha coidadora • Necesidade de aproveitar os recursos do centro, do contorno e da Administración Educativa. • Necesidade de incluír no “Plan de adaptación a situación COVID-19 un protocolo de actuación co ACNEAE. • Necesidade dun plan conxunto e coordinado de utilización das aplicacións que a administración proporciona par un ensino a distancia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer unha proposta de actividades complementarias que sexan un reforzo aos contidos e que aporten a parte manipulativa e gráfica do currículo. • Establecer unha estreita colaboración coas coidadoras do centro procurando un intercambio de información que redunde nunha mellor atención individualizada. • Elaborar un protocolo para o alumnado que presente patoloxías previas. • Planificar formación en moodlle e outras aplicación para usar na teledocencia. • Dotar as aulas de PT e AL dos recursos necesarios para a protección individual do alumnado fronte ao COVID - 19
<p>Necesidades referentes ás familias</p>	<p>Actuacións referentes as familias</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Necesidade de acadar unha maior participación nas actividades que se organicen no centro e para a totalidade da comunidade educativa. • Necesidade de asesoramento sobre as distintas medidas de atención á diversidade e do seu papel para con elas. • Necesidade de concienciar as familias da importancia da súa colaboración. • Necesidade de formar ás familias no uso das aplicacións para instaurar a teledocencia 	<ul style="list-style-type: none"> • Diseñar actividades e charlas para a formación das familias. • Proporcionar as familias unha información real e contrastada sobre as opcións da atención á diversidade do ACNEAE. • Promover a colaboración das familias na formación e desenvolvemento do alumnado. • Dar a coñecer á comunidade educativa a totalidade dos recursos do centro, do contorno e da Administración Educativa. • Crear titoriais sobre os recursos de teledocencia para as familias.
<p>Necesidades referentes ao alumnado</p>	<p>Actuación referentes ao alumnado</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Necesidade de actualizar as avaliacións psicopedagóxicas e de deseñar e artellar a resposta educativa máis axeitada despois do confinamento. • Necesidade de modular as intervencións con cada alumno/a de maneira gradual, indo das medidas máis ordinarias ata as máis extraordinarias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar as situacións do alumnado e deseñar respostas educativas para compensar os desaxustes que o confinamento puido crear. • Elaborar un horario de atención reeducativa que responda ás distintas necesidades e características do alumnado. • Consensuar o horario cos titores e titoras das distintas etapas educativas.

<ul style="list-style-type: none"> • Necesidade de lograr que os alumnos/as afonden no coñecemento da súa propia realidade e de que progresen na madurez vocacional. • Necesidade de completar o seu proceso educativo poñendo ao seu alcance todos os medios tecnolóxicos dispoñibles. • Necesidade de dotar as aulas de recursos para asegurar unha protección contra o CO-VID 19 daqueles alumnos e alumnas máis vulnerables 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar unha intervención coordinada e adaptada ás características individuais dos alumnos e alumnas, poñendo á disposición dos mesmos todos os recursos humanos, materiais e institucionais. • Formar ao alumnado en sistemas de comunicación para unha posible situación de teledocencia. • Solicitar sistemas protección e hixiene para as aulas converténdose así en lugares seguros para o alumnado máis vulnerable
--	---

5.- ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Debido á redución dunha praza de PT a especialista priorizará a súa intervención no alumnado que presente mais necesidades, porén atenderase a un total de 7 alumnos e alumnas respectando as indicacións dos ditames de escolarización.

Todas as necesidades recollidas teranse en conta de cara a posibles modificacións do **Proxecto Educativo, Proposta Curricular, Programación Xeral Anual e Programacións de Aula**. Tamén se contemplarán no **Plan de Orientación** e nos plans que o compoñen (Plan de Acción Titorial e Plan de Orientación Académica e Profesional) incluíndo o **Plan de Apoio**. Así mesmo, recolleranse as devanditas necesidades na **Memoria Final** do curso.

6.- PLANIFICACIÓN XERAL

A planificación xeral e accións prioritarias desenvolveranse en conformidade ao **Plan de Orientación** do centro, no cal se recollen as **medidas de atención á diversidade**, e se enmarca este **Plan de Apoio**.

➔ **PLANIFICACIÓN XERAL:** Para poder acadar os obxectivos que nos propoñemos é fundamental a coordinación de tódolos profesionais implicados no proceso de ensino-aprendizaxe. Neste sentido, ademais de manter reunións extraordinarias, segundo as necesidades imprevistas, debo facer fincapé na miña coordinación continua, a través de reunións periódicas, establecidas ao longo do curso escolar no horario previsto para tal fin, con:

- **Departamento de Orientación:** 1 hora semanal (xefa do departamento, especialistas de PT e de AL) e 1 reunión mensual de tódolos membros.
- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** reunións periódicas
- **Claustro de Profesores e Consello Escolar:** reunión trimestral.
- **Titores/ as e profesores/ as de área:** Intercambio continuo de información e sesións trimestrais de avaliación.
- **Familias:** Reunións ao comezo e final de curso e periodicamente na sesión establecida para a atención ás mesmas.
- **Educadora familiar:** reunión mensual coa orientadora do centro.
- **Equipo de Orientación Específico e Centro de Formación e Recursos:** Cando xurde algunha necesidade e se precisa da súa colaboración.

➔ **ACCÍONS PRIORITARIAS:**

- Actuacións que teñan como obxecto a atención a toda a diversidade do alumnado: identificación temperá de NEE, revisión e modificación das medidas de apoio, coordinación entre profesionais...
- Desenvolver as actividades planificadas para este curso escolar do Plan de Acción Titorial, Plan de Orientación Académica e Profesional, Proxecto Lingüístico, Plan de Convivencia, Proxecto Lector e Plan de Introducción das TIC, así como outras actividades recollidas na Programación Xeral Anual.
- Dinamizar a biblioteca do centro a través dun programa informático de catalogación, consulta e préstamo, así como implicar ás familias na utilización da mesma, favorecendo o hábito pola lectura nos seus fillos/ as.
- Desenvolver actividades referidas á formación permanente do profesorado e á innovación educativa, proxecto E-DIXGAL.
- Propostas de actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación dos seus fillos/ as: motivalas a integrarse nos órganos de participación do centro, na ANPA, na futura Escola de Pais/Nais, en asociacións culturais.

7.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E COMPETENCIAS BÁSICAS

Promoverase unha metodoloxía apoiada nos **Decretos do currículo**, destacando os seguintes aspectos:

- Promover unha concepción construtivista, partindo dos coñecementos previos do alumnado para favorecer un aprendizaxe significativo.
- Potenciar os principios de normalización, inclusión, individualización e globalización.
- Priorizar contidos, como destrezas e actitudes a través da experiencia.
- Priorizar as competencias básicas.
- Adecuar a linguaxe ao nivel de comprensión do alumnado.
- Diseñar actividades con diferentes graos de complexidade e con solucións alternativas, potenciando a xeneralización dos aprendizaxes.
- Priorizar técnicas e estratexias variadas (ensinanza accidental, modelado, traballo cooperativo, aprendizaxe por descubrimento, traballo en equipo...).
- Empregar materiais variados e innovadores para motivar ao alumnado.
- Formular procedementos de avaliación diversificados, adaptados aos diferentes niveis.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

A finalidade é desenvolver unha **metodoloxía integradora**, polo que tal e como aparece reflectido na **Orde do 27 de decembro de 2002 (Art.19)** as intervencións específicas que sexan precisas por parte dos especialistas de apoio serán levadas a cabo normalmente na aula ordinaria e só se poderán levar a cabo fóra dela nos casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá da terceira parte da xornada escolar.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Constitúen o conxunto de destrezas, coñecementos e actitudes adecuados ao contexto que todo o alumnado debe acadar para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a integración social. Estas son as 7 competencias clave que traballarán en cada unha das áreas curriculares e cuxo desenvolvemento se pretende conseguir coa presente programación de aula:

- 1.-Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.
- 2.-Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía. A primeira alude ás

capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas.

3.- Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

4.- Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno/a desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou grupal para conseguir un obxectivo.

5.- Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrática na vida social e cívica.

6.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

7.- Conciencia e expresións culturais. Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

8.- TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS

Debido á vulnerabilidade do ACNEAE e seguindo as instrucións do plan de contingencias, no caso de que algún alumno ou alumna non acuda con regularidade ao centro o profesorado de PT e AL poderá atender nesas horas a outros alumnos e alumnas con necesidades, que por motivos de priorización dos casos ou de falta de información da avaliación inicial, quedaron sin atención reeducativa por parte dos especialistas. No momento en que o alumnado se reincorpore volverase ao horario de atención inicial. Polo tanto a **temporalización** deste **Plan de Apoio** terá unha duración dun **curso escolar**. Estará suxeita ao tempo reflectido no **horario**, sendo este susceptible de modificacións en funcións das necesidades educativas do alumnado e imprevistos que poidan xurdir ao longo do curso, adquirindo porén un **carácter flexible**.

HORARIO

ISABEL	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45- 9:00	GU				GU
9:00-9:50	1º A	1º A	1º A	5º EP	1º A
9:50-10:40	6º EI	1º A	1º A	6º EI	1ºB
10:40-11:30	1º A	5º EP	5º EP	1º A	GU
11:30-12:00					
12:00-12:50	5º EP	1ºB	2º EP	1º A	1º A
12:50-13:40	2º EP	6º EI	1ºB	2º EP	GU
13:40-14:00					

9.- AVALIACIÓN

Tendo en conta estes trazos característicos, a avaliación deberá abranguer, non só ao alumno/ a, senón tamén ao proceso de ensino-aprendizaxe, a práctica docente e a adecuación da Proposta Curricular e Programacións de Aula ás características do centro e do alumnado.

En canto á **avaliación do proceso de ensinanza**, esta debe garantir a obxectividade e continuidade. Serán fundamentais as reunións dos órganos de coordinación docente para valorar a adecuación das medidas para responder ás necesidades do alumnado. Por outro lado, en canto á **avaliación do proceso de aprendizaxe**, partirei dunha **avaliación inicial** realizada polo profesor/ a titor/ a, as avaliación psicopedagóxicas que existan e como profesora de apoio tamén realizarei unha avaliación propia para coñecer “de primeira man” os coñecementos previos do alumno/ a e promover desta forma un aprendizaxe significativo. E unha **avaliación continua, formativa e final**, valorando os obxectivos, contidos e competencias básicas adquiridas.

En canto aos **instrumentos de avaliación**, empregarei técnicas variadas, como as seguintes: diario do profesor, caderno bidireccional coa familia, observación sistemática día a día, probas escritas e orais, traballos individuais e grupais, caderno de actividades do alumno/ a ...

Respecto á **avaliación do meu Plan de Apoio**, ao finalizar o curso realizarei unha memoria sobre a implementación do mesmo, que formará parte da memoria final do Departamento de Orientación, na cal incluirei aspectos como: consecución dos obxectivos propostos, modificacións introducidas, propostas de mellorar para o vindeiro curso ...etc.

Ademais ao finalizar 3º de Educación Primaria 6º de EP tódolos centros realizaremos unha **avaliación INDIVIDUALIZADA** para ver as competencias acadadas polo alumnado, a cal non terá efectos académicos, senón que terá carácter formativo e orientador para o centro e informativo para as familias e cara o conxunto da comunidade educativa. Asemade seguindo as instrucións da CCP realizarei unha avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe baseada nos seguintes ítem

En Rois a 12 de SETEMBRO de 2022

Asdo: Isabel Seco Vicente

PROGRAMACIÓN AULA DE PT
CPI DOS DICES
ROIS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. PLANIFICACIÓN XERAL
3. OBXECTIVOS.
4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS
5. RECURSOS
6. ACTIVIDADES.
7. CONTIDOS
8. TEMPORALIZACIÓN E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A programación del Aula de Pedagogía Terapéutica (PT) ten como fin organizar a resposta educativa ás características do alumnado que a ela asiste, para compensar as dificultades que experimenten, e contribuíndo ao seu desenvolvemento integral, no respecto dos principios que rexen a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE): equidade e inclusión, utilizando como medio as competencias claves.

Polo tanto, a finalidade desta programación consiste en dar resposta ás distintas necesidades educativas existentes para o curso escolar 2022/ 2023, e as que xurdan durante o desenrolo do dito curso.

2. PLANIFICACIÓN XERAL

Para elaborar a presente programación tívose en conta as previsións do alumnado que precisa apoio educativo establecidas en xuño, as adaptación curriculares significativas de varios/as alumnos/as, os informes finais proporcionados pola mestra de pedagogía terapéutica do ano pasado e as avaliacións iniciais realizadas. Así como aquel alumnado pendente de avaliación, susceptible de precisar unha resposta educativa. Elabórase un horario en función das necesidades de cada alumno/a partindo dunha valoración inicial; dito horario será susceptible de modificacións ao longo do curso en función da evolución do alumnado ou de novos casos que poidan xurdir. Os obxectivos a traballar, así como a metodoloxía, estarán en función das necesidades individuais de cada alumno/a, procurando a máxima coordinación cos titores e resto de profesorado, coa finalidade de que poidan acadarse, na maior medida posible, as competencias clave que se corresponderían con cada un dos niveis.

Características da programación:

- Preventiva: desenvólvense actuacións para potenciar que a resposta educativa no centro se adapte ás características individuais dos alumn@s.
- Global e integral: baséase en propostas de actuación que den respostas globais ás necesidades educativas dos alumnos/as

- Contextualizada: planifícase e desenvolve como resposta ás necesidades do centro.
- Cooperativa e coordinada: implica a participación de todos os axentes educativos dando una resposta coordinada ás necesidades.
- Continuada: desenvólvese ao longo do curso escolar, coas revisións trimestrais pertinentes.

3. OBXECTIVOS

En liñas xerais, propóñense os seguintes obxectivos:

- Dar unha resposta educativa axeitada a cada alumno/a que lle permita seguir o currículo ordinario na medida das súas posibilidades, ou a súa adaptación curricular.
- Priorizar as aprendizaxes instrumentais básicas (lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas, razoamento...), así coma as aprendizaxes básicas funcionais e as habilidades da vida diaria que lles permita vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
- Favorecer a integración no centro e na aula do alumnado, potenciando o desenvolvemento das habilidades sociais.
- Contribuír ao desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento...).
- Fomentar o traballo cooperativo cos distintos membros da comunidade educativa.
- Potenciar a curiosidade polo aprendizaxe, así como unha boa actitude cara a realización das tarefas.
- Mellorar o clima afectivo e social da aula.
- Traballar o benestar emocional e aprender a expresar as emocións, aumentando o autoconcepto, autoestima e a confianza nun mesmo.

Como obxectivos máis específicos destacar:

- * Favorecer a estimulación multisensorial (Áreas perceptivas).
- * Asimilar a linguaxe e utilizala de xeito comprensivo (Comprensión verbal).
- * Captar relacións e ideas na linguaxe e expresalas no uso do mesmo (Razoamento verbal).

- * Ler correctamente de xeito mecánico e comprensivo (Lectura).
- * Escribir correctamente e usar a escritura como medio de comunicación (Escritura).
- * Asimilar os conceptos lóxico-matemáticos.
- * Integrarse e participar activamente no grupo social (Área Social).
- * Planificar e autorregular o traballo
- * Técnicas de estudio.

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Tendo en conta que o obxectivo do noso traballo é adquirir unha aprendizaxe significativa, funcional, comprensiva e cooperativa, que se axuste ás necesidades educativas do noso alumnado, intentarase, na medida do posible, favorecer a integración do alumnado dentro do grupo ordinario e implementándose gradualmente dende as medidas máis ordinarias ás máis específicas e extraordinarias.

A nosa metodoloxía estará baseada na motivación e participación do alumnado, fomentando o seu interese por adquirir os coñecementos adecuados ás súas necesidades, tratando de proporcionar satisfacción e seguridade. A ensinanza adaptárase aos diferentes ritmos de aprendizaxe e levarase a cabo individualmente e en pequenos grupos, para lograr unha atención continuada no proceso. Partirá de actividades individuais e cun alto grao de especificidade para continuar con actividades menos guiadas e en grupos moi reducidos. Utilizaranse estratexias de andamiaxe, dividindo en anacos a aprendizaxe e facilitando diversas estratexias para pasar dun a outro. Farase chegar a información por distintas canles sensoriais, pasando do máis sinxelo ao máis complexo, repetindo tarefas e proporcionándolle a axuda e as instrucións necesarias, para logo ir eliminándoas pouco a pouco ata obter a maior autonomía posible.

Realizarase unha intervención didáctica para facilitar a actividade construtiva do alumnado, tendo en conta os coñecementos previos como punto de partida e reducindo o grao de dificultade das tarefas propostas, valorando os seus niveis e tratando de acadar a maior motivación para a aprendizaxe.

Potenciando o traballo cooperativo e colaborativo entre o alumnado, co obxectivo de desenvolver as habilidades sociais, así como as aprendizaxes instrumentais básicas. Potenciarase a participación das familias para posibilitar unha certa continuidade do traballo que se realiza no centro, así como a

coordinación entre os diferentes profesionais implicados na aprendizaxe do alumnado.

Polo tanto, para iso necesitaremos:

- Estrutura máis o seu traballo.
- Reducir o grao de dificultade das tarefas propostas xogando cos seus niveis de abstracción e complexidade.
- Dotar de máis recursos e adaptar os que se ofrecen ao conxunto da grupo.

Para acadar os obxectivos e contidos utilizaranse técnicas específicas marcadas por: -a motivación para as tarefas.

- Reforzo positivo.
- Mediación na aprendizaxe.
- Xeneralización na aprendizaxe.
- Interacción.
- Resolución de problemas próximos ao alumnado.

5. RECURSOS

* RECURSOS MATERIAIS: Traballarase con materiais didácticos específicos, con materiais adaptados ás necesidades do alumnado e con materiais ordinarios.

* RECURSOS PERSOAIS: Servizos Internos do centro como son: especialista de Pedagogía Terapéutica, Orientadora , titores/as . Servizos Externos ao centro: Equipo de Orientación Específico, familias, gabinetes privados, asociacións e outros.

* RECURSOS INFORMÁTICOS E AUDIOVISUAIS: Dende a brecha dixital provocada coa aparición do Covid-19 temos que reforzar os nosos recursos. Pero non só os recursos tanxibles existentes no centro coma o ordenador, vídeos e programas informáticos educativos de diversas etapas, senón tamén a forma de establecer conexión co noso alumnado e as súas familias fóra do espazo físico do centro.

Tamén debemos, asesorar e axudar as familias nas dificultades que presenten co establecemento de conexións e o descoñecemento que presenten das TICS, facilitándolles formación e información das diversas ferramentas que imos a utilizar.

* RECURSOS ORGANIZATIVOS: usaranse as reunións cos titores/as, CCP, Claustro, como as horas de atencións ás familias , así como tamén as reunións do Departamento de Orientación fixadas no horario.

Priorízase o traballo co alumnado dentro da aula ordinaria para favorecer a integración no grupo-aula, aínda que contamos cun aula de apoio equipada co material específico necesario para proporcionar unha atención máis específica en caso de que as necesidades do/a alumno/a así o precisen.

6. ACTIVIDADES

Serán motivadoras, variadas e dinámicas, estimularán a participación, solidariedade e non discriminación, integrarán contidos de distinto tipo e con distintos graos de dificultade, partindo sempre do máis sinxelo cara ao máis complexo, e do que coñecen para aprender conceptos e experiencias novas. Utilizando a ensinanza incidental. Empregaranse diferentes enfoques de resolución de problemas, admitindo a interacción e permitindo a xeneralización das aprendizaxes. No eixo de traballar tanto no espazo ordinario como no espazo virtual, utilizaranse microtarefas que resultan máis curtas, realistas e proporcionan un feedback máis rápido. Pero integráranse estas microtarefas dentro dunha secuencia temática, que sexa do interese do alumno/a, e as propias dos acontecementos que vivimos como o día da violencia de xénero, Nadal, día da Paz, Entroido, día de Rosalía, día da muller, día do libro, semana das letras galegas,...

7. CONTIDOS

- As aprendizaxes básicas instrumentais (lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas,....)
- Os procesos psicolóxicos básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento...).
- O traballo cooperativo e colaborativo.
- A estimulación multisensorial.
- Comprensión e razoamento verbal.
- Lectura mecánica e comprensiva .
- Expresión oral e escrita.
- Conceptos lóxico-matemáticos.

- Habilidades sociais e resolución de conflitos.
- O benestar emocional.
- O autoconceito e a autoestima, así como a sensación de logro ante o esforzo realizado.
- Ademais dos correspondentes aos niveis curriculares dos distintos cursos educativos e das diversas adaptacións curriculares.

8. TEMPORALIZACIÓN E AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e integradora. Ao comenar o curso farase unha avaliación inicial individual de cada alumno/a para coñecer o nivel de competencia curricular e que servirá como punto de partida no seu proceso de apoio.

Primeiro trimestre: Revisión de informes de anos anteriores, identificación de necesidades, planificación da resposta educativa, colaboración nas avaliacións psicopedagóxicas e na realización das ACS, de ser necesario. Así mesmo, participación na realización das probas de lectura e na elaboración do material destinado ao desenvolvemento de programas propostos polo departamento.

No segundo trimestre, seguimento das propostas feitas no primeiro trimestre, aínda que esta revisión sexa unha constante ao longo de todo o curso.

No terceiro trimestre avaliarase a eficacia do traballo realizado no curso, colabórase na memoria final do centro, realízase a memoria da aula de apoio e os informes finais dos alumnos. A avaliación será inicial, formativa e sumativa, realizando tarefas onde se potencia a autoavaliación (avaliarse a un mesmo).

É dicir, trimestralmente informarase nas sesións de avaliación d@s alumnos/as. Rexistraranse os avances ou retrocesos que se realicen.

A avaliación será global (no caso do alumno con Adaptación Curricular Significativa, se avaliará en función dos criterios de avaliación fixados nesta, e non cos mesmos criterios que o resto dos seus compañeiros). A avaliación realizarase tendo en conta o grao de adquisición das competencias clave e os obxectivos propostos. Terá un carácter personalizado.

A técnica básica de avaliación será a observación directa, sistemática e continua na realización de actividades e na actitude que en calquera momento manifieste cada alumno/a.

Empregaranse diferentes instrumentos tanto cuantitativos como cualitativos para realizar a identificación, avaliación e seguimento das necesidades presentadas polo alumnado, así como dos obxectivos acadados e afianzados ao longo do curso. A eficacia destas accións farase a través da observación

sistemática, as tarefas cotiás realizadas na aula, as probas estandarizadas, entrevistas coa familia e diversos profesionais que traballen co alumnado, probas escritas e orais,....

En todas as actividades observarase a actitude e destrezas d@ alumno/a na súa execución, para modificalas, amplialas, ou reducilas se así o demanda, procurando detectar as dificultades, e para tomar medidas de corrección ou seguir na mesma liña en función dos resultados que vaiamos obtendo.

Elaborarase un informe cualitativo, establecendo o nivel ao acadar o curso

Especialista en Pedagogía Terapéutica (PT- ESO)

M^a Jesús Castro Pérez